



**RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE PUBLICA A RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E OS RESULTADOS PROVISIONAIS DE BAREMACIÓN NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.**

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CESM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

Despois de publicada a resolución de 13 de febreiro de 2017 pola que se convoca o proceso de mobilidade voluntaria provisional e despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e tendo en conta a base quinta do acordo, esta Xerencia de Xestión Integrada,

**RESOLVE**

**Primeiro:** Publicar a relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación no procedemento de mobilidade voluntaria provisional no ámbito da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.

**Segundo:** Os anexos coas listaxes mencionadas no apartado anterior poderán examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada do Hotel de Pacientes, na web do Espazo do profesional desta Estrutura e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital de Cee.

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos/mobilidade voluntaria interna.

**Terceiro:** Contra a resolución provisional de admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación, as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, no prazo de 5 días hábiles desde a publicación desta resolución.

A Coruña a 4 de abril de 2017

O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

Asdo.: Luis Verde Remeseiro



DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 4 de abril de 2017.

O Director de Recursos Humanos da EOXI de A Coruña

Asdo.: Javier Fernández Nistal

